



Enquisa OGSÍ sobre a sociedade da información en Galicia: Poboación xeral

Resumo executivo ano 2008




OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



Enquisa á Poboación Galega

Resumo executivo

Equipamento TIC e servizos da sociedade da información nos fogares

- Ordenador e acceso a internet
- Equipamento electrónico
- Gasto en tecnoloxías

Utilización persoal das TIC e servizos da sociedade da información

- Uso do ordenador
- Uso de Internet
- Comercio electrónico

Nota metodolóxica

Este documento presenta os principais resultados da “Enquisa á Poboación Xeral sobre a Sociedade da Información en Galicia”, realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información.


O obxectivo desta enquisa é facilitar información sobre a situación actual de Galicia no escenario da sociedade da información, desde a perspectiva do acceso e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte da cidadanía galega.

O traballo de campo realizouse entre o 15 de setembro e o 21 de novembro de 2008, respondendo aos seguintes criterios técnicos:

- **Ámbito:** Galicia
- **Universo:** Poboación galega de 16 a 74 anos.
- **Tipo de enquisa:** Entrevista presencial.
- **Tamaño da mostra:** 1.200 entrevistas, distribuídas proporcionalmente por estratos de hábitat -definidos polo tamaño demográfico dos concellos de residencia e a súa posición xeográfica-, sexo e grupos de idade.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5%, e considerando a variabilidade de proporcións máxima, o erro estatístico global é do 2,9% no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variable de proporcións.

Equipamento de ordenador e conexión a Internet contratada

Equipamento de ordenador persoal




O 62,3% dos/as galegos/as viven en fogares nos que hai algún ordenador, 6 puntos por riba da situación de 2007. Esa evolución foi constante e sitúa hoxe a Galicia practicamente no nivel do conxunto do Estado.

Ademais, o 48,3% da poboación dispón de ordenador de sobremesa e o 30,1% de portátil.

Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE).
Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.

Conexión a Internet contratada




O 41% dos/as galegos/as viven en fogares con acceso contratado a Internet, case dobrando o dato de 2005 e superando en 10 puntos o de 2007, confirmando así unha inequívoca evolución expansiva.

Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE).
Fonte: INE, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Conexión a Internet a través de banda larga


Conexión a Internet a través de banda larga



O 35,4% de galegos/as que viven en fogares con conexión a Internet a través de banda larga practicamente triplica o valor de 2005 e marca un crecemento de 12,3 puntos porcentuais con respecto ao ano anterior.

Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE).
Fonte: INE, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Modalidade contratada de acceso a internet



As principais modalidades de conexión a Internet a través de banda larga son a ADSL (53%), que consolida progresivamente a súa primacía, e a rede de cable. Estas tecnoloxías amplían o seu peso no último cuatrienio a conta do descenso das conexións analóxicas.

Base: persoas (OGSI), vivendas (INE) con acceso a Internet.
Fonte: INE, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008.

Equipamento electrónico

Equipamentos	Dispoñibilidade no fogar
Televisión	99,4%
Televisión dixital	51,4%
Telefono fixo	78,4%
Teléfono móbil	89,8%
Fax	4,2%
Vídeo	48,8%
DVD	73,6%
Vídeoconsolas	31,5%
Radio	81,3%
Cadea de música	62,8%
Cámara de fotos dixital	56,5%
Cámara de vídeo dixital	20,4%
GPS	15,8%
MP3 ou MP4	40,5%
Sistema domótico	1,0%


Base : total persoas.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, ano 2008.

Gasto mensual en tecnoloxías

Servizo	Ano 2007	Ano 2008
Teléfono fixo	39,7 €	41,2 €
Internet	34,8 €	41,1 €
TV pago	38,8 €	36,7 €
Gasto total para paquete de servizos fixos de telecomunicacións	60,5 €	56,1 €
Teléfono móbil	43,1 €	45,4 €
Gasto total paquete de servizos de telecomunicacións	51,6 €	45,4 €

Base: persoas que dispoñen destas tecnoloxías.
Fonte: Observatorio Galego da Sociedade da Información, anos 2007 e 2008

Equipamento de teléfono móbil



Base: total de persoas.
Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.


Os distintos equipamentos tecnolóxicos están cada vez máis presentes na sociedade galega, especialmente aqueles asociados ao disfrute do tempo de lecer.

Neste contexto, dispositivos como a televisión ou o teléfono móbil teñen un altísimo nivel de penetración. No caso deste último, unha rápida evolución desde 2005 coloca hoxe a Galicia en niveis próximos ao conxunto do Estado.

En termos de gasto, o principal trazo de evolución respecto de 2007 é a diminución dos prezos dos paquetes de servizos de comunicación con relación aos servizos singularizados e mais o feito de que a telefonía móbil supere en gasto, tal como o fai en presenza, á fixa.

Utilización do ordenador

Uso do ordenador nos últimos tres meses



Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.


Un 55,3% da poboación galega utilizou o ordenador nos últimos tres meses; unha porcentaxe que supera en máis de 14 puntos a de 2005, e en máis de 7 a de fai só un ano.

Resultan moi significativas as porcentaxes das persoas de menos de 44 anos, especialmente das de menos de 34, por estar ao nivel, mesmo algo por riba, das correspondentes ao Estado no seu conxunto.

Idade	OGSI: Dato de Galicia	INE: Dato do Estado
De 16 a 24 anos	94,7%	92,8%
De 25 a 34 anos	83,3%	82,0%
De 35 a 44 anos	70,1%	70,3%
De 45 a 54 anos	46,7%	56,0%
De 55 a 64 anos	20,5%	28,6%
De 65 a 74 anos	7,8%	10,3%

Base: total de persoas.
 Fonte: dato do Estado: INE; dato Galicia: Observatorio Galego da Sociedade da Información.

Uso do ordenador nalgunha ocasión




Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.

Case dous terzos (61,8%) da poboación galega utilizou un ordenador nalgunha ocasión, cunha evolución positiva de máis de 14 puntos con respecto ao 2005.

Utilización de Internet

Utilización de Internet nos últimos tres meses



Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.

O 50,8% da poboación galega utilizou Internet nos últimos tres meses, 8 puntos porcentuais máis que en 2007.

Idade	OGSI: Dato Galicia	INE: Dato do Estado
De 16 a 24 anos	92,0%	90,3%
De 25 a 34 anos	77,6%	78,3%
De 35 a 44 anos	64,1%	63,7%
De 45 a 54 anos	41,6%	50,8%
De 55 a 64 anos	15,8%	24,6%
De 65 a 74 anos	7,2%	8,9%

Base: total de persoas.
 Fonte: INE para o indicador do Estado; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia

Utilización de Internet nalgunha ocasión



Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.

Nunha tendencia positiva e acurtando, lenta pero progresivamente, a distancia cos datos do conxunto do Estado, supérase xa de xeito definido a metade da poboación galega -55,2%- que accedeu nalgunha ocasión a Internet.

Compras a través de Internet

Adquisición de produtos ou servizos a través de Internet nos últimos tres meses



Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.

Un 9,9% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo na Internet nos últimos tres meses, confirmando un ascenso constante desde 2005.

Unha vez máis, o comportamento dos segmentos máis novos da poboación, especialmente de menos de 24 anos, marcan a tónica dese uso crecente e duns hábitos converxentes cos do conxunto do Estado.

Adquisición de produtos ou servizos a través de Internet nalgunha ocasión



Base: total de persoas.
 Fonte: INE, dato do Estado e dato de Galicia, anos 2005 e 2006; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia, anos 2007 e 2008.

Idade	OGSI: Dato de Galicia	INE: Dato do Estado
De 16 a 24 anos	18,0%	17,6%
De 25 a 34 anos	16,7%	22,2%
De 35 a 44 anos	12,4%	14,4%
De 45 a 54 anos	7,5%	11,7%
De 55 a 64 anos	2,6%	4,6%
De 65 a 74 anos	0,6%	1,0%

Base: total de persoas.
 Fonte: INE para o indicador do Estado; Observatorio Galego da Sociedade da Información para o indicador de Galicia.

De 2005 a 2008 aumentou case 12 puntos porcentuais a porcentaxe de poboación galega que nalgunha ocasión comprou produtos ou servizos a través de Internet: unha evolución de sentido paralelo á do conxunto do Estado.